



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº 98/142

Asunto: Formación das liñas fundamentais do Orzamentos

Ano: 2026

Solicitud: Ministerio de Facenda e Función Pública

Normativa

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira coa modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.

Xustificación

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que con carácter anual remitirase a seguinte información:

1. Antes do 1 de outubro de cada ano:

- As liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte ou dos estados financeiros.
- O estado de previsión de movemento e situación da débeda.
- A información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos das liñas fundamentais do Orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:31	Páxina 1 de 3
98-142	CSV: AEAE83-EABBAH-DD2D43-4REMJM-3ZMG52-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº 98/142

d) O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, da regra do gasto e do límite de débeda.

Tendo en conta os requirimentos e a data de remisión da mesma, adoptase a seguinte Resolución:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira coa modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, o Ministerio de Facenda solicita a través da oficina virtual coa data límite do 15 de setembro, a remisión das liñas fundamentais do Orzamento do ano 2026, polo que,

DISPOÑO

PRIMEIRO.- Que en virtude das Resolucións desta Alcaldía, (Resolución Xenérica da Alcaldía de 28 de xuño de 2024 e corrección erros do 1 de xullo, publicada no BOPPO nº 134 de 10 de xullo, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, publicada no BOPPO nº 134 do 10 de xullo de 2024), sobre as Delegacións de competencias, será o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda quen forme as directrices sobre a formación das liñas fundamentais do Orzamento do ano 2026.

SEGUNDO.- En cumprimento do contido da Resolución do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal e Contratación de data 25/02/2016, solicítase da Dirección Superior Contable e Orzamentaria, a formación e os documentos para a aprobación das liñas fundamentais do Orzamento do ano 2026 e proceda a súa incorporación á plataforma do MINHFP para a súa sinatura polo Sr. Interventor Xeral.

TERCEIRO.- Formúlese proposta para a súa aprobación por Resolución da Alcaldía Presidencia.

CUARTO.- Remítase o expediente á Intervención por si tivese que emitir informe sobre a proposta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:31	Páxina 2 de 3
98-142	CSV: AEAE83-EABBAH-DD2D43-4REMJM-3ZMG52-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
ALCALDÍA

Expediente nº 98/142

- QUINTO.- Incorpórese proxecto de Resolución para a súa aprobación.
- SEXTO.- Unha vez que se teña tramitado o expediente, será o Sr. Interventor a quen lle corresponda a sinatura electrónica e remisión da información dentro do prazo previsto, que remata o día 15 de setembro ás 24 horas.
- SÉTIMO.- Dese conta ao Pleno da Corporación da Resolución de aprobación das Liñas fundamentais do Orzamento do ano 2026.

En Vigo, a data da sinatura electrónica:

O Tesoureiro Municipal-Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira.

Resolución Xenérica da Alcaldía de 28 de xuño de 2024 e corrección erros do 1 de xullo, publicada no BOPPO nº 134 de 10 de xullo, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, publicada no BOPPO nº 134 do 10 de xullo de 2024

O ALCALDE:
ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

Dou fe, a Secretaria Xeral da Xunta de Goberno Local: Pilar del Carmen Saborido Díaz
(Encomenda do 01/08/2025)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/09/2025 08:31	Páxina 3 de 3
98-142	CSV: AEAE83-EABBAH-DD2D43-4REMJM-3ZMG52-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		